



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

VII Concurso de Postais de Nadal 2020-2021

VII CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2020-2021 DO CONCELLO DE BERGONDO

1. PARTICIPANTES.

Poderán participar os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Bergondo, ou que cursen os seus estudos no C.R.A. de Bergondo, no C.P. Cruz de Sar, de acordo coas seguintes categorías:

- Educación infantil.
- Educación primaria (1.º, 2.º e 3.º).
- Educación primaria (4.º, 5.º e 6.º).
- Educación secundaria e bacharelato.

2. TEMA.

O tema da postal será alusivo o Nadal e valorarase a orixinalidade e a capacidade creativa. Deberán ser inéditas e confeccionadas polo/a concursante. No caso de que conteñan texto deberá ser en galego.

3. PRESENTACIÓN.

Os traballos presentaranse ata o 15 de decembro de 2020 (inclusive) na Casa da Cultura, na Senra o una biblioteca durante o horario de apertura das anteditas instalacións.

- O formato da postal será en A5 (medio folio normal, 15 x 21 cm).
- So poderá presentarse unha postal por neno/a.
- Poderá realizarse en sentido horizontal ou vertical.
- O soporte será papel ou cartolina fina.
- A técnica será libre e poderán utilizarse todas as cores.
- É aconsellable que non veñan pregadas por si nalgún momento deciden imprimirse.
- Presentaranse con todos os datos: categoría, nome, enderezo e teléfono na parte posterior da felicitación.

4. PREMIOS.

Outorgarase un agasallo a cada gañador/a de cada categoría.

De entre os premiados, o xurado escollerá entre unha das postais para que o Concello, se o estima convinte, empregue de felicitación municipal.

5. XURADO.

O xurado estará formado por 3 empregados públicos designados polo Concello. O fallo emitirase o día 17 de decembro e será público e inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o concurso, no seu conxunto, ou en calquera das súas categorías, se así o estiman os seus membros.

Á hora de conceder os premios, teranse en conta os criterios xerais especificados nas bases en canto a tamaño e presentación, ademais dos seguintes aspectos:

- A presentación e o acabado da postal.
- A orixinalidade, calidade e innovación no deseño.
- A imaxinación, creatividade e harmonía na disposición dos elementos da postal.

d) A complexidade na realización da felicitación.

6. NOTIFICACIÓN AOS GAÑADORES.

Aos premiados/as se lles notificará a súa condición a través do número de teléfono que faciliten na felicitación. Tamén será publicado na páxina web do Concello.

7. EXPOSICIÓN DE TRABALLOS.

Todas as postais presentadas ao concurso poderán ser expostas no Concello de Bergondo.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación neste concurso supón a total aceptación das bases. As postais quedarán en propiedade do Concello de Bergondo que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realice, facendo constar sempre o nome do autor/a.

Os/as participantes se responsabilizan na súa totalidade de que non existen dereitos de terceiros, así como toda reclamación por dereitos de imaxe.

Non obstante, o Concello comprométese a devolver os traballos non premiados a petición do/a interesado/a.

Bergondo, o 16 de novembro de 2020.

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2020/8510